



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 1 DE XUÑO DE 2021

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 26 de marzo de 2021.
2. Aprobar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2019/2020, que inclúe o seguimento das titulacións e as propostas de mellora para o curso 2020/2021.
3. Aprobar os calendarios de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Máster universitario en avogacía para o curso académico 2021/2022.
4. Incluír dentro da programación de Extensión universitaria do centro a seguinte actividade, para a que se reservarán 836€ do orzamento correspondente:
Acto de graduación da IX Promoción do Grao en Dereito e da III Promoción do Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito.
5. Asignar a titorización do Traballo de fin de grao da alumna do programa de intercambio Erasmus D.^a Ludovica Pizzorno ao profesor D. José Mosquera Casero e aprobar a proposta temática presentada, consonte ao acordo da Comisión Permanente do día 30 de setembro de 2020.
6. Que, en relación coa solicitude de avaliación do Traballo de fin de grao, pese a esixencia do artigo 6.2 do Regulamento para elaborar o Traballo de fin de grao en Dereito da Facultade de Dereito de entrega dunha versión do TFG en papel por cuadruplicado, abonde con que o alumnado entregue 3 exemplares en soporte físico para os membros do tribunal avaliador e que o exemplar que queda depositado na Facultade, para evitar o almacenamento de papel, se archive en formato electrónico mediante a gravación da versión electrónica dos traballos que os estudantes deben subir a través da plataforma de apoio á docencia "Faitic" en cada convocatoria.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 1 de xuño de 2021, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 3 de xuño de 2021.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es